



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

D^a Carmen Gómez Otero, Secretaria- Interventora do Concello de Frades (A Coruña),

CERTIFICA:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o pasado 22 de setembro de 2016 acordou por unanimidade adoptar entre outros o seguinte acordo:

“ (...) ADXUDICACIÓN DEFINITIVA OBRA “POS 2016.- MELLORA DE CAMIÑOS DE GAFOI, LEDOIRA E AÑÁ (CONCELLO DE FRADES)” EXPTE CO 2.2016”.-

Visto que se aprobaron, mediante resolución da Alcaldía do día 16-5-2016 o expediente e os Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación por procedemento negociado con publicidade no perfil, para a adxudicación das obras consistentes en “POS 2016.- MELLORA DE CAMIÑOS DE GAFOI, LEDOIRA E AÑÁ (CONCELLO DE FRADES)”, e que, así mesmo, foi autorizado o gasto que supón a adxudicación deste (A22016000376), por importe de 65.473,35 euros, e foi convocada a súa licitación.

Visto que con data 8 de setembro de 2016, a Xunta de Goberno Local ACORDOU, por unanimidade adxudicar provisionalmente a obra á empresa COSMALCA S.L. por ser o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa, e se lle requiriu para que presentase a documentación xustificativa [artigos 146.1 e 151.21/a que fai referencia o artigo 151.22] do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como xustificación da constitución da garantía definitiva e, ademais, que dispón dos medios que se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Visto que con data 16-9-2016 o candidato COSMALCA S.L. constituíu garantía definitiva por importe de 2.547,75 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, vistos os informes que constan no expediente, e de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa COSMALCA S.L. o contrato de obras consistentes no “POS 2016.- MELLORA DE CAMIÑOS DE GAFOI, LEDOIRA E AÑÁ (CONCELLO DE FRADES)”, por procedemento negociado con publicidade no perfil, aprobado por Resolución de Alcaldía de data 16-5-2016.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 1532 619 (Proxecto de gasto 2016-2-POS16-6-1) do orzamento vixente de gastos, por importe de 64.500,01 euros (IVE engadido).

TERCEIRO. Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Notificar a Don Manuel López Candal, representante de COSMALCA S.L, adxudicataria do contrato, a presente Resolución e citarlle para a sinatura do contrato que terá lugar no Salón de Plenos do Concello de Frades o día 30 de setembro de 2016 ás 10.00 horas.

¹ Se a achega inicial da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos fose substituída por declaración responsable, conforme ao artigo 146.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

² Se a achega inicial da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos fose realizada conforme ao previsto no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fades.dicoruna.es

QUINTO. *Publicar a formalización do contrato no Perfil de Contratante.*

SEXTO. *Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.*

SÉTIMO. *Remitir ao Consello de Contas unha copia certificada do documento no que se formalizase o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive, sempre que a contía do contrato exceda de 150.000 euros. Todo iso, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato.(...)"*

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese a presente en Fraades, a 27 de setembro de 2016.

O Alcalde,

A Secretaria

Roberto Rey Martínez

Carmen Gómez Otero